

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Trombón

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	6
3.	Atención á diversidade.....	7
4.	Temas transversais.....	7
	4.1 Educación en valores.....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	9
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	11
6.	Secuenciación do curso.....	11
	6.1 Curso:Primeiro de Grao Elemental.....	11
	6.2 Curso: Segundo Grao de Elemental.....	18
	6.3 Curso: Terceiro Grao de Elemental.....	25
	6.4 Curso: Cuarto Grao de Elemental.....	32
	6.5 Curso:Primeiro Grao de Profesional.....	40
	6.6 Curso: Segundo Grao de Profesional.....	47
	6.7 Curso: Terceiro Grao de Profesional.....	54
	6.8 Curso: Cuarto Grao de Profesional.....	63
	6.9 Curso: Quinto Grao de Profesional.....	72
	6.10 Curso: Sexto Grao de Profesional.....	81
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	91
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	92
9.	ANEXOS.....	94
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	94
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	95
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	96
	9.4 Bibliografía.....	98
	9.5 Exame final do Sexto Grao de Profesional.....	102



1. **Introdución**

Grao Elemental

De acordo coa lexislación vixente, a presente programación didáctica elaborouse tomando como referencia o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música no ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación ten o propósito de planificar detalladamente todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe para a especialidade de Trombón no grao elemental de música.

Os catro cursos que compoñen o grao elemental configuran unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento do futuro instrumentista, xa que ao longo deste período teñen que quedar sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz, e duns conceptos musicais que cristalicen nunha auténtica conciencia de intérprete.

A tarefa dos alumnos e alumnas de trombón nesta etapa, consistirá, por tanto, no desenvolvemento dos seguintes principios básicos:

- a) Aprender a ler correctamente a partitura.
- b) Penetrar, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético.
- c) Desenvolver, ao mesmo tempo, a destreza necesaria no manexo do instrumento, para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión da mensaxe expresivamente significativa.

Para acadar estes obxectivos, os alumnos e alumnas deben chegar a desenvolver as capacidades específicas que lles permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lles brinda o seu instrumento.

A presente programación concretará nos seus diferentes apartados estas capacidades, incluíndo a distribución por cursos dos obxectivos, os contidos, metodoloxía e os criterios de avaliación para trombón no grao elemental, recollidas en primeiro lugar no Currículo oficial da Comunidade Autónoma (Decreto 198/2007).

O ensino de trombón no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita por unha banda un proceso respiratorio natural e por outra unha correcta colocación do instrumento que posibilite a coordinación de ambas mans.

- b) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e empregalas, tanto en interpretacións individuais como de conxunto.
- c) Interpretar en público tanto individualmente como en conxunto un repertorio básico de obras ou composicións de diferentes estilos e con unha dificultade acorde a este nivel.
- d) Adoptar pautas de estudio individual eficaces.
- e) Coñecer e empregar os reflexos e mecanismos adecuados para conseguir unha boa calidade sonora, unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

Grao Profesional

De acordo coa lexislación vixente, a presente programación didáctica elaborouse tomando como referencia o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música no ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación ten o propósito de planificar detalladamente todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe para a especialidade de Trombón no grao profesional de música.

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

A presente programación concretará nos seus diferentes apartados estas capacidades, incluíndo a distribución por cursos dos obxectivos, os contidos, metodoloxía e os criterios de avaliación para a especialidade de Trombón no grao profesional, recollidas en primeiro lugar no Currículo oficial da Comunidade Autónoma (**Decreto 203/2007**).

O Departamento de vento metal do Conservatorio Manuel Quiroga considera que os obxectivos que se enumeran a continuación teñen a importancia e a entidade suficiente como para estar presentes en todos e cada un dos cursos do grao profesional. Serán adaptados a cada nivel e a cada alumno por parte do mestre de cada unha das especialidades que forman este departamento. Serán os seguintes:

- Empregar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación instrumental.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con progresiva seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e a interpretación.
- Coñecer e aplicar progresivamente as técnicas do instrumento de acordo coas esixencias do repertorio.

- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para adecualos á interpretación.
- Actuar en público con progresivo autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

2. Metodoloxía

Nun currículo aberto os métodos de ensino son en ampla medida responsabilidade do profesor. Aínda así, coa finalidade de regular a práctica docente, sinalaranse os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral:

- A finalidade de toda tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do/a alumno/a.
- A música deber ser un vehículo de expresión de emocións.
- O profesor dará solucións concretas aos problemas ou dificultades que xurdan. O esforzo irá dirixido en dar opinións e non en impor criterios, orientando, estimulando e ensanchando a receptividade e a capacidade de resposta do/a alumno/a.
- Conseguiu dalgún xeito un ambiente favorable para desenvolver no/a alumno/a unha cultura musical: asistencia na medida do posible a concertos, escoita de música de calidade en toda a súa contorna, etc.
- A programación deberá ser aberta e flexible para poder atender á diversidade adaptando os obxectivos e contidos ás características e necesidades individuais do alumnado, tratando de desenvolver as súas posibilidades e de suplir as súas carencias.
- A aprendizaxe debe ser significativa e funcional: debe ser posible unha aplicación práctica do coñecemento adquirido e á súa vez os contidos deben ser necesarios para levar a cabo outras aprendizaxes; dado que o alumnado aprende por construción de coñecementos (*construtivismo*), promoverase a actividade mental e a reflexión, tanto dentro como fora do aula.
- A avaliación é un proceso que debe levar a cabo de forma continua e personalizada, achegándolle información ó/a alumno/a respecto do seu progreso. É necesario que o/a alumno/a participe no proceso a través da auto-avaliación e a co-avaliación impulsando a súa implicación responsable e a súa autonomía. O profesor avaliará, tamén, o seu propio traballo; a efectividade da programación e a súa intervención.
- A metodoloxía empregada deberá ser socializadora xa que é unha etapa primordial, polo que se debe fomentar a clase colectiva en busca de, xustamente, esa cohesión e coñecemento da música en grupo.
- A técnica é medio e fin dentro da interpretación musical, superando a pura mecánica de execución, e sendo en si mesma unha “técnica de interpretación”.
- A formación do alumno debe ser entendida como un proceso global no que cobra gran importancia a interdisciplinaridade entre as diferentes áreas e materias, o que implica unha coordinación de traballo de todo o profesorado.

- A adaptación á contorna e á nosa cultura será unha das finalidades primordiais á hora de desenvolver a metodoloxía.
- Na medida do posible promoverase a continuidade profesor-alumno.

3. Atención á diversidade

A necesidade dunha atención individualizada, xorde do feito de que todos os alumnos son diferentes e cada un necesita unha atención especializada. Unha programación aberta ten o propósito de atender á diversidade. Partindo desta formulación, esta atención específica verá determinada por variables como por exemplo; as capacidades, os coñecementos previos, a atención, a motivación, particularidades físicas, etc.

A ensinanza instrumental require dunha constante adaptación ás características específicas de cada alumno co propósito de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades.

En canto ó alumnado con necesidades educativas especiais será preciso instrumentalizar as medidas de atención para a educación de alumnos que, por diversas razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades cos medios que habitualmente están a disposición do Centro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado. En todo caso, esas adaptacións respectarán no esencial os obxectivos fixados no currículo oficial.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara os demais e cara o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende

todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sen adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que e estean presentes no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concréntanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

- a) EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.
- b) A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.
- c) A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais desta programación non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha

interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

d) EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.

e) EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

A competencia do tratamento da información e competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os alumnos utilizarán as TIC nos procesos de aprendizaxe. Todas as actividades musicais pódense traballar nesta contorna.

Ditas (TIC) constitúen un dos eixos centrais da moderna sociedade da información e do coñecemento, cuxo alcance se estende a todas as parcelas da actividade humana, entre elas, a que configuran as disciplinas artísticas. Neste sentido, o carácter

especializado dos estudos musicais nas súas diferentes vertentes instrumentais ou vogal pode e debe complementarse coa adecuada formación dos instrumentistas ou cantantes no campo das TIC, como elemento indispensable da formación e do exercicio profesional do futuro músico. Neste contexto, a música incorporouse progresivamente ao acelerado proceso de innovacións científicas e tecnolóxicas que propiciaron a aparición de materias ou especialidades que teñen por obxecto tanto a adquisición dunha linguaxe comprensivo e unitario de todos os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, como a súa utilización e aplicación musicais. Para achegar aos estudantes a un primeiro contacto coa informática musical, parece necesario introducir os elementos básicos e a toma de contacto directo con esta disciplina de tanta aplicación e importancia na formación complementaria actual e futura de todo músico. Desta forma, amplíase e complementa o proceso formativo no que tanto esta materia como o resto (incluídas as optativas) contribúen notablemente a consolidar as bases e a orientación cara a posibles estudos posteriores ou ben cara ao exercicio profesional. Para este tipo de estudos requírese un equipamento informático completo, que contemple os recursos de hardware e software adecuados, así como os elementos accesorios e periféricos adecuados. A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...). De vital importancia é a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación

didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades complementarias e extra escolares son un aspecto moi importante nos conservatorios. A dimensión práctica dos ensinamentos artísticos require que se organicen diversas actuacións que completen os ensinamentos no aula. Ademais, a consecución dalgúns obxectivos depende en certo xeito da posibilidade ou non de organizar estas actividades.

- o **Audicións públicas:** estarán fixadas desde principio de curso, cunha periodicidade trimestral. Os alumnos interpretarán o repertorio traballado en clase durante o trimestre. A exposición ao público será progresiva, non sometendo ao alumno a un compromiso brusco que poida inhibirle. Participarán todos os alumnos, sexa cal for o seu nivel. Os alumnos deben percibir o contacto co público de xeito agradable e pracenteira.
- o Asistencia a **Concertos** ou **Ensaíos**.
- o **Intercambio** de alumnos e profesores entre diferentes conservatorios.
- o **Cursos e Clases Maxistras** impartidas por profesores recoñecidos.
- o **Xornadas** para probar instrumentos e boquillas de diferentes modelos e marcas.
- o **Xornadas** sobre mantemento, fabricación e conservación dos instrumentos de vento metal, a cargo dun técnico especializado.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso:Primeiro de Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita un proceso respiratorio normal e unha correcta colocación do instrumento.
- Coñecer as características físicas e as posibilidades sonoras básicas do instrumento.
- Tocar en público cancións ou pezas de pequeno formato, individualmente ou con acompañamento.
- Empregar pautas correctas de estudo individual.

• Coñecer e empregar os reflexos e mecanismos adecuados para conseguir unha boa calidade sonora.

6.1.2 Contidos

- Escala maior e menor de do ou si bemol segundo o instrumento
- Estruturas sinxelas de pregunta – resposta
- Coñecemento das sete posicións.
- A serie harmónica.

Procedimentais

- Práctica de modelos básicos sobre as escalas de do ou si bemol.
- Lectura a primeira vista de fragmentos moi sinxelos.
- Utilización do oído interno como base indispensable para a creación sonora.
- Exercicios básicos de posición fixa.
- Práctica cromática das sete posicións.
- Estudio da boquilla.
- Práctica de conxunto.
- Adestramento da memoria.
- Práctica da dinámica, articulación e emisión.
- Práctica de exercicios de respiración.

Actitudinais

- Concienciación da importancia do traballo individual.
- Importancia do coidado do material editorial e instrumental.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Comprobar o correcto uso do proceso respiratorio.
- Comprobar a coordinación motriz e a relaxación necesaria na colocación e control do instrumento.

- Comprobar o coñecemento das características básicas e as posibilidades sonoras do instrumento.
- Acadar unha correcta afinación e calidade sonora.
- Demostrar unha dinámica de estudio eficaz e ordenada que permita un continuo proceso de evolución.
- Interpretación en público de pequenas pezas fáciles, nas que demostre soltura e dominio dos aspectos técnicos e musicais desenvolvidos no curso.

Nota: Na aplicación dos criterios de avaliación, terase en conta á superación dos mínimos esixibles.

Mínimos esixibles

Para a valoración positiva da materia en cada curso, esixirase ter superados 2/3 dos traballos programados polo profesor, incluíndo audicións públicas e repertorio de obras, estudos e exercicios, así como os seguintes mínimos:

- Comprobar o correcto uso do proceso respiratorio.
- Demostrar unha dinámica de estudio eficaz e ordenada que permita un continuo proceso de evolución.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación de diagnóstico** ou inicial: efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso có obxectivo de comprobar o desenvolvemento e os coñecementos acadados ata o momento.
- **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da súa evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha

avaliación final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliación inicial.

- Actividades de **auto avaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
- Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.
 - **Calibración.** Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Segundo *o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008* e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Aínda cando os exames e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a avaliación continua é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso. Razóns pola que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Observación sistemática e continua do rendemento do/a alumno/a na clase.
- Avaliacións trimestrais.
- Exames.
- Audicións en público.

- Avaliación final.

Criterios de cualificación

A cualificación final resultará da aplicación das seguintes porcentaxes en cada unha das ferramentas de avaliación:

Criterios de cualificación Homoxeneizados					
Traballo persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia / Puntualidade	Publicas	De aula
60%		20%		20%	
Rexistros					
Libro do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Libro do Profesor	Táboa ou lista de cotexo		



Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais		
Texto:	10%	
<ul style="list-style-type: none"> - Dificultade da obra - Fidelidade a partitura - Memoria 		
Rítmico:	20%	
<ul style="list-style-type: none"> - Precisión - Exactitude rítmica - Tempo 		
Musicalidade:	30%	
<ul style="list-style-type: none"> - Estilo - Expresión - Fraseo - Carácter - Posta en escena 		
Técnica:	40%	
<ul style="list-style-type: none"> - Articulación - Son - Afinación - Respiración - Posición corporal - Movemento da vara (axilidade e utilización das posicións e transpositor) 		
Resultado final do cotexo		

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Superar con ampla solvencia os obxectivos e contidos do curso anterior
- Mostrar a posibilidade de superar con garantías os obxectivos e contidos do



curso ao que se quere optar.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas normas do Regulamento de Réxime Interno vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, o alumno/a afectado terá dereito a realizar unha proba específica, no mes de xuño, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

A proba extraordinaria constará dun único exercicio:

Como norma xeral o alumno terá que Interpretar unha peza e dous estudos, determinados polo profesor, correspondentes á programación do curso. Agora ben, cada un dos mestres decidirá en Xuño o traballo específico requirido para superalo curso en Setembro, ademais de ditaminar o número de obras e estudos que terán que executar na proba extraordinaria, segundo as necesidades propias de cada un dos alumnos.

6.1.5 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- o Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. Nalgúns momentos puntuais tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).

o Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios. Ademais levará un caderno de pentagramas e un lapis por se debe tomar algunha nota. Sería conveniente levar unha axenda ou caderno pequeno á clase onde poder anotar o traballo para a semana.

6.2 Curso: Segundo Grao de Elemental

6.2.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que facilite unha respiración natural e unha colocación do instrumento axeitada para o emprego correcto de ambas mans.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras básicas do instrumento e empregalas, dentro do nivel, en interpretacións individuais ou colectivas.
- Tocar en público pezas cortas de diferentes estilos, individualmente ou con acompañamento.
- Coñecer e empregar pautas correctas de estudio individual.
- Coñecer e empregar os reflexos e mecanismos adecuados para conseguir unha boa afinación e calidade sonora e unha emisión, articulación e flexibilidade do son básicas.

6.2.2 Contidos

Conceptuais

- Escalas de ata dúas alteracións.
- Comprensión e delimitación de fragmentos musicais que posúen sentido por si mesmos.
- A serie harmónica.
- As sete posicións

Procedimentais

- Práctica de diferentes modelos de exercicios sinxelos sobre as escalas a traballar.
- Lectura a primeira vista de fragmentos sinxelos.
- Interpretación de un repertorio adecuado ó nivel.
- Utilización do oído interno como base indispensable para calquera creación sonora.

- Desenvolvemento da flexibilidade a través da práctica de intervalos varios.
- Exercicios básicos de posición fixa combinados coas sete posicións.
- Práctica cromática das sete posicións.
- Estudio da boquilla.
- Práctica de conxunto.
- Adestramento da memoria.
- Practica da dinámica, articulación e emisión.
- Práctica de exercicios de respiración.

Actitudinais

- Concienciación da importancia do traballo individual.
- Respecto polas interpretacións dos demais.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación

- Comprobar o uso natural e relaxado da respiración e proxección do aire.
- Comprobar a coordinación motriz e a relaxación necesaria para economizar o esforzo e mellorar a colocación e o control de corpo e instrumento.
- Comprobar o coñecemento das características e posibilidades sonoras básicas do instrumento e a súa aplicación nas interpretacións individuais.
- Demostrar capacidade e sensibilidade auditiva para acadar unha boa afinación e calidade do son.
- Comprobar o uso adecuado da emisión, a articulación e unha boa flexibilidade do son.
- Interpretación en público de pequenas pezas fáciles, con ou sen acompañamento e de diferentes estilos, nas que demostre soltura e dominio dos aspectos técnicos e musicais desenvolvidos no curso.
- Demostrar unha dinámica de estudio eficaz e ordenada que permita un continuo proceso de evolución.

Nota: Na aplicación dos criterios de avaliación, terase en conta á superación dos mínimos esixibles.

Mínimos esixibles

Para a valoración positiva da materia en cada curso, esixírase ter superados 2/3 dos traballos programados polo profesor, incluíndo audicións públicas e repertorio de obras, estudos e exercicios, así como os seguintes mínimos:

Comprobar o correcto uso do proceso respiratorio.

- Demostrar capacidade e sensibilidade auditiva para acadar unha boa afinación e calidade de son.
- Interpretación en público de pequenas pezas fáciles, con o usen acompañamento e de diferentes estilos, nas que demostre soltura e dominio dos aspectos técnicos e musicais desenvolvidos no curso.
- Demostrar unha dinámica de estudio eficaz e ordenada que permita un continuo proceso de evolución.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación de diagnóstico** ou inicial: efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso có obxectivo de comprobar o desenvolvemento e os coñecementos acadados ata o momento.
- **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da súa evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.

· **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliación inicial.

· Actividades de **auto avaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.

· Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.

- **Calibración.** Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Segundo *o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008* e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Aínda cando os exames e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a avaliación continua é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso. Razóns pola que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Observación sistemática e continua do rendemento do/a alumno/a na clase.
- Avaliacións trimestrais.
- Exames.
- Audicións en público.
- Avaliación final.

Criterios de cualificación

A cualificación final resultará da aplicación das seguintes porcentaxes en cada unha das ferramentas de avaliación:

Criterios de cualificación Homoxeneizados					
Traballo persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia / Puntualidade	Publicas	De aula
60%		20%		20%	
Rexistros					
Libro do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Libro do Profesor	Táboa ou lista de cotexo		



Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais		
Texto:	10%	
<ul style="list-style-type: none"> - Dificultade da obra - Fidelidade a partitura - Memoria 		
Rítmico:	20%	
<ul style="list-style-type: none"> - Precisión - Exactitude rítmica - Tempo 		
Musicalidade:	30%	
<ul style="list-style-type: none"> - Estilo - Expresión - Fraseo - Carácter - Posta en escena 		
Técnica:	40%	
<ul style="list-style-type: none"> - Articulación - Son - Afinación - Respiración - Posición corporal - Movemento da vara (axilidade e utilización das posicións e transpositor) 		
Resultado final do cotexo		

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Superar con ampla solvencia os obxectivos e contidos do curso anterior
- Mostrar a posibilidade de superar con garantías os obxectivos e contidos do



curso ao que se quere optar.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas normas do Regulamento de Réxime Interno vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, o alumno/a afectado terá dereito a realizar unha proba específica, no mes de xuño, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

A proba extraordinaria constará dun único exercicio:

Como norma xeral o alumno terá que Interpretar unha peza e dous estudos, determinados polo profesor, correspondentes á programación do curso. Agora ben, cada un dos mestres decidirá en Xuño o traballo específico requirido para superalo curso en Setembro, ademais de ditaminar o número de obras e estudos que terán que executar na proba extraordinaria, segundo as necesidades propias de cada un dos alumnos.

6.2.5 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- o Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico e os instrumentos de metal precisos para o bo

desenvolvemento das clases. Nalgúns momentos puntuais tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).

- o Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios. Ademais levará un caderno de pentagramas e un lapis por se debe tomar algunha nota. Sería conveniente levar unha axenda ou caderno pequeno á clase onde poder anotar o traballo para a semana.

6.3 Curso: Terceiro Grao de Elemental

6.3.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal adecuada para conseguir un proceso respiratorio natural e unha correcta colocación do instrumento para o emprego de ambas mans.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e empregalas, dentro do nivel, tanto en interpretacións individuais, como tamén de conxunto.
- Interpretar en público composicións de diferentes estilos individualmente ou con acompañamento.
- Empregar pautas de estudio individual eficaces.
- Coñecer e empregar os reflexos e mecanismos adecuados para conseguir tanto unha boa afinación como unha boa calidade sonora e desenrolar a emisión, a articulación e a flexibilidade do son.

6.3.2 Contidos

Conceptuais

- o Escalas maiores e menores ata catro alteracións.
- o Iniciación ó análise de estruturas que posúen sentido por si mesmas. (Frases, etc).
- o A serie harmónica.
- o As sete ou doce posicións cromáticas segundo os instrumentos.

Procedimentais

- o Práctica de diferentes modelos básicos de exercicios sobre as escalas variando as dinámicas e as articulacións.

- o Lectura a primeira vista de fragmentos sinxelos.
- o Interpretación de un repertorio adecuado ó nivel.
- o Desenvolvemento e utilización do oído interno para a realización sonora e musical.
- o Estudio da flexibilidade a través de diversos exercicios interválicos ou combinando a serie harmónica coas doce posicións.
- o Práctica de diferentes articulacións e dinámicas.
- o Estudio da boquilla.
- o Adestramento progresivo da memoria.
- o Práctica de conxunto.
- o Práctica de exercicios de respiración.

Actitudinais

- o Concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición de hábitos de estudio eficaces.
- o Respecto por outros estilos ou tipos de música.
- o Respecto polo traballo e as interpretacións dos demais.
- o Importancia na disciplina na práctica de conxunto.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- o Comprobar o uso natural e relaxado da respiración e proxección do aire.
- o Comprobar a coordinación motriz e a relaxación necesaria para economizar o esforzo e mellorar a colocación e o control de corpo e instrumento.
- o Comprobar o coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento e a súa aplicación, tanto nas interpretacións individuais como de conxunto.
- o Demostrar capacidade e sensibilidade auditiva para acadar unha boa afinación e calidade do son.
- o Avaliar o correcto desenvolvemento e o emprego adecuado da emisión, a articulación e a flexibilidade do son.
- o Interpretación en público de pequenas pezas, con ou sen acompañamento, e de diferentes estilos, nas que demostre soltura e dominio dos aspectos técnicos e musicais desenvolvidos no curso.
- o Capacidade de interpretar de memoria pequenos fragmentos ou pezas sinxelas.

o Demostrar unha dinámica de estudio eficaz e ordenada que permita un continuo proceso de evolución.

Nota: Na aplicación dos criterios de avaliación, terase en conta á superación dos mínimos esixibles.

Mínimos esixibles

Para a valoración positiva da materia en cada curso, esixírase ter superados 2/3 dos traballos programados polo profesor, incluíndo audicións públicas e repertorio de obras, estudos e exercicios, así como os seguintes mínimos:

- Comprobar o uso natural e relaxado da respiración e proxección do aire.
- Demostrar capacidade e sensibilidade auditiva para acadar unha boa afinación e calidade de son.
- Interpretación en público de pequenas pezas fáciles, con o usen acompañamento e de diferentes estilos, nas que demostre soltura e dominio dos aspectos técnicos e musicais desenvolvidos no curso.
- Demostrar unha dinámica de estudio eficaz e ordenada que permita un continuo proceso de evolución.

Procedementos e ferramentas de avaliación

• **Avaliación de diagnóstico** ou inicial: efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso có obxectivo de comprobar o desenvolvemento e os coñecementos acadados ata o momento.

- **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da súa evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliación inicial.
- Actividades de **auto avaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
- Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.
 - **Calibración.** Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Segundo *o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008* e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Aínda cando os exames e audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a avaliación continua é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso. Razóns pola que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Do mesmo xeito, o alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Observación sistemática e continua do rendemento do/a alumno/a na clase.
- Avaliacións trimestrais.
- Exames.
- Audicións en público.
- Avaliación final.

Criterios de cualificación

A cualificación final resultará da aplicación das seguintes porcentaxes en cada unha das ferramentas de avaliación:

Criterios de cualificación Homoxeneizados					
Traballo persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia / Puntualidade	Publicas	De aula
60%		20%		20%	
Rexistros					
Libro do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Libro do Profesor	Táboa ou lista de cotexo		

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Superar con ampla solvencia os obxectivos e contidos do curso anterior
- Mostrar a posibilidade de superar con garantías os obxectivos e contidos do curso ao que se quere optar.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas normas do Regulamento de Réxime Interno vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, o alumno/a afectado terá dereito a realizar unha proba específica, no mes de xuño, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivese avaliación positiva na materia poderá presentarse á **proba extraordinaria de setembro**.

A proba extraordinaria constará dun único exercicio:

Como norma xeral o alumno terá que Interpretar unha peza e dous estudos, determinados polo profesor, correspondentes á programación do curso. Agora ben, cada un dos mestres decidirá en Xuño o traballo específico requirido para superalo curso en Setembro, ademais de ditaminar o número de obras e estudos que terán que executar na proba extraordinaria, segundo as necesidades propias de cada un dos alumnos.

6.3.5 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

- o Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. Nalgúns momentos puntuais tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).
- o Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios. Ademais levará un caderno de pentagramas e un lapis por se debe tomar algunha nota. Sería conveniente levar unha axenda ou caderno pequeno á clase onde poder anotar o traballo para a semana.

6.4 Curso: Cuarto Grao de Elemental

6.4.1 Obxectivos

- o Adoptar unha posición corporal que permita por unha banda un proceso respiratorio natural e por outra unha correcta colocación do instrumento que posibilite a coordinación de ambas mans.
- o Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e empregalas, tanto en interpretacións individuais como de conxunto.
- o Interpretar en público tanto individualmente como en conxunto un repertorio básico de obras ou composicións de diferentes estilos e con unha dificultade acorde a este nivel.
- o Adoptar pautas de estudo individual eficaces.
- o Coñecer e empregar os reflexos e mecanismos adecuados para conseguir unha boa calidade sonora, unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

6.4.2 Contidos

Conceptuais

- o Escalas maiores e menores de hasta cinco alteracións.

- o Iniciación á comprensión de estruturas musicais nos seus diferentes niveis (Motivo, frase...) para conseguir unha interpretación máis consciente.
- o A serie harmónica.
- o As sete ou doce posicións cromáticas.

Procedimentais

- o Práctica de diferentes modalidades de exercicios sobre escalas e intervalos en diferentes dinámicas e articulacións.
- o Lectura a primeira vista.
- o Interpretación de un repertorio adecuado ó nivel.
- o Desenvolvemento e utilización do oído interno como base indispensable e fundamental para a realización musical.
- o Desenvolvemento da flexibilidade.
- o Práctica por separado ou conxuntamente da serie harmónica e as sete ou doce posicións.
- o Práctica de diferentes exercicios sobre dinámica, articulación e emisión.
- o Estudio da boquilla.
- o Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- o Práctica de conxunto.
- o Práctica de exercicios de respiración

Actitudinais

- o Concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos de estudo eficaces.
- o Respecto por tódolos estilos ou tipos de música.
- o Respecto polos demais e as súas interpretacións.
- o Importancia da disciplina na práctica de conxunto.

6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- o Comprobar o uso natural e relaxado da respiración e proxección do aire.

- o Comprobar a coordinación motriz e a relaxación necesaria para economizar o esforzo e mellorar a colocación e o control de corpo e instrumento.
